

Escoito e falo

Vexo un tutorial

Un tutorial é un vídeo que explica, paso a paso, como facer algo: unha receita, unha manualidade, montar un moble...

Falo do meu prato preferido

Explico que comida ou sobremesa me gusta máis, con que frecuencia a tomo...



Escribo

A receita

- 1 **Nome do prato:** como se chama?
- 2 **Ingredientes:** que alimentos leva?
- 3 **Utensilios:** que cousas necesitas para facela?
- 4 **Elaboración:** que pasos tes que seguir?



Coñezo a miña lingua

A sílaba

É un grupo de sons que pronunciamos xuntos nun único golpe de voz (*co-mi-da*).

- 1 **Tónica:** é a sílaba que pronunciamos con máis forza nunha palabra (*co-mi-da*).
- 2 **Átonas:** as demais sílabas da palabra (*co-mi-da*).

As palabras con c e qu

- 1 Escribimos **c** diante de **a, o, u**: *castañas, coitelo, cullerón...*
- 2 Escribimos **qu** diante de **e, i**: *queixo, quilo...*

O signo de interrogación

Utilizamos **?** ao final dunha pregunta.

Preparámonos

Sabías que unha alimentación variada e saudable evita moitas enfermidades?